



Memoria económica e de transparencia da Addenda o Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Castro de Rei para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro para a rehabilitación integral da antiga escola de Azúmara para o acondicionamento como local social dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Expediente: CNV25-20

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

1.- O 23 de setembro a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Castro de Rei para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro para a rehabilitación integral da antiga escola de Azúmara para o acondicionamento como local social dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

2.- O 3 de outubro de 2025 o concello de Castro de Rei presenta unha solicitude de ampliación do prazo de xustificación dos gastos da anualidade 2025 que fundamenta a necesidade de subscribir a presente addenda en: O 3 de outubro de 2025 o concello de Castro de Rei presenta unha solicitude de ampliación do prazo de xustificación dos gastos da anualidade 2025 que fundamenta a necesidade de subscribir a presente addenda en: *"Que, tendo en conta que a día de hoxe non está iniciada a licitación do procedemento de contratación das obras incluídas no proxecto, porque esta entidade non conta a día de hoxe coa oportuna autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (atópase solicitada pero pendente de concesión).*

Solicito:

Que se lle conceda á entidade local á que represento unha ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións do proxecto propostas para executar nesta anualidade 2025".

3.- Para garantir a adecuación técnica, coherencia e execución do proxecto senlleiro no seu conxunto é preciso ampliar o prazo de execución e xustificación da anualidade 2025 do convenio ata o 9 de decembro de 2025, o que aconsella a subscripción dunha addenda sen mudar o obxecto do mesmo nin ningún dos seus elementos esenciais.





A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural" e non suporá incremento do gasto.

SEGUNDO.- Fundamentos legais e técnicos

- Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Castro de Rei para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro para a rehabilitación integral da antiga escola de Azúmara para o acondicionamento como local social dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11.07.2013 que se publicou mediante a Resolución do 24.07.2013 (DOG núm. 148, do 05.08.2013), sobre delegación de competencias.

Non se introducen modificacións substantivas que alteren o contido do convenio, relativas ao obxecto da subvención, o beneficiario da mesma, o réxime xurídico aplicable, compromisos asumidos polas partes, o prazo de vixencia do convenio, que se atopa dentro dos límites legais aplicables, e as obrigas da protección de datos de carácter persoal, e demais extremos esixidos pola lexislación vixente.

Tampouco se superan os límites previstos no artigo 58.3 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Atendendo ás razóns expostas, coa finalidade de poder cumprir cos obxectivos que determinaron a subscripción do referido convenio, e tendo en conta a normativa exposta, cómpre tramitar unha addenda ao convenio, co fin estender o prazo de xustificación da anualidade 2025 do convenio ata 09.12.2025.

A cláusula **QUINTA** do convenio "Xustificación dos gastos" que queda redactada como segue:

- *"De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2026. Para os gastos correspondentes á*





anualidade 2025, o prazo de execución e xustificación rematará o 09.12.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025. Para os gastos realizados comprendidos dende o 10.12.2025 o prazo de xustificación rematará o 15.11.2026".

TERCEIRO.- Financiamento

A presente addenda non supón unha modificación no importe financiado nin das anualidades.

- PROXECTO: Rehabilitación integral da antiga escola de Azúmara para o acondicionamento como local social dentro da categoría de promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.
- ORZAMENTO: Oitenta e seis mil novecentos noventa e dous euros con corenta e oito céntimos (86.992,48 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

» Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	69.593,98 €
» Concello de Castro de Rei:	20%	17.398,50 €
TOTAL	100%	86.992,48 €

Distribuídos nas seguintes anualidades:

- **Anualidade 2025: 462,44 €**
- **Anualidade 2026: 86.530,04 €**

A achega da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025-2026, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025-2026, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".			TOTAL
Importe	2025	2026	69.593,98 €
	369,95 €	69.224,03 €	

Para a execución das actuacións o **concello de Castro de Rei** achegará os importes que a continuación se detallan distribuídos nas seguintes anualidades:





Importe	2025	2026	TOTAL
	92,49 €	17.306,01 €	17.398,50 €

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:
-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
M^a Paz Rodríguez Rivera

